



CEIP Condesa de Fenosa

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
Alfin 6º Curso



1	Índice paxinado	
2	Introdución e contexto	1
3	Vinculación entre obxectivos, secuencias e distribución temporal de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.	2
4	Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave. Materiais e recursos didácticos	13
5	Procedemento para a avaliación inicial	14
6	Procedemento de avaliación continua	14
7	Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	15
8	Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica	16



Introdución e contexto:

O Ceip Condessa de Fenosa está situado no Barco de Valdeorras, no oriente ourensán, ocupando a cabeceira da comarca de Valdeorras. No concello, a actividade económica agrícola (viticultura) tradicional, veuse superada dende hai bastantes anos pola produción de lousa nas distintas canteiras dos concellos lindeiros e polo sector de servizos, contando cun Hospital Comarcal, Centros de estudos, Delegación de Facenda, Xulgados, etc...

A crise económica determinou a redución do número de alumnado inmigrante, que non hai moito tempo era relevante, e a aparición de carencias económicas no alumnado superando amplamente ás que había noutrora.

O centro educativo, tal e como reflicten os seus documentos, aposta definitivamente por varios eixos de traballo que se artellan ao redor do Equipo da Biblioteca, da Axenda 21, do Equipo de Normalización Lingüística e da promoción das TIC.

Así a promoción da lectura, a alfabetización en información, o compromiso ambiental, os hábitos saudables, a dotación en medios técnicos suficientes, a creación de recursos innovadores na nosa lingua, o coñecemento respecto e valoración do noso patrimonio cultural e o desenvolvemento dun espírito crítico, colaborativo e solidario son o cerne das actividades que se desenvolven dentro e fóra das nosas aulas.

Outro dos aspectos dignos de ter en conta é o da integración: o noso centro é o centro de referencia para a integración de alumnado con necesidades educativas específicas da comarca, e isto non por designación oficial, senón pola aposta decidida de todos os membros da comunidade educativa de promover a integración, convencidos de que é un factor necesario para crearmos unha sociedade máis xusta e solidaria, e ao tempo un elemento enriquecedor para todo o alumnado.

Así pois nas nosas aulas dispoñemos de medios tecnolóxicos, creamos recursos que compartimos na rede, promovemos o uso do noso idioma, fomentamos o respecto á natureza, establecemos lazos de solidariedade entre os membros da comunidade e de fóra dela, somos respectuosos con outras culturas, normalizamos e dinamizamos o noso idioma, valoramos as diferencias dentro dun trato equitativo, entendemos a diversidade como riqueza...

Pero non todo é perfecto, hai eivas no centro que pasan pola escaseza de profesorado, esgotadoras esixencias burocráticas que minguan o traballo educativo, nalgúns casos falla de apoio dende as familias...

En resumo o Ceip Condessa de Fenosa ten como obxectivo fundamental promover o desenvolvemento integral do seu alumnado, fomentando valores solidarios, de respecto e coidado do contorno natural e cultural, fomentando o traballo en equipo, colaborativo, no que se respecten as diferencias de cada quen... Nas verbas de A. Machado, queremos que os nosos alumnos e alumnas sexan, no bo sentido da palabra, bos.



Vinculación entre obxectivos, secuencias e organización temporal de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.

Competencias Clave:

1º. Comunicación lingüística (CCL). – 2º. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT). – 3.º Competencia dixital (CD). – 4º. Aprender a aprender (CAA). – 5º. Competencias sociais e cívicas (CSC). – 6º. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). – 7º. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Obxectivos:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Temas transversais:

Comprensión lectora, expresión oral, expresión escrita, comunicación audiovisual, TIC, emprendemento, educación cívica, valores (igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación), seguridade viaria.



Alfabetización informacional 6º primaria

1ª Avaluación

Obx	Contidos	Criterios Av.	Estándares	Grao Consecución	CC	Elementos Transversais	Instrumentos Avaluación	Criterios cualificación (%)
Bloque 1. A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital								
a b e f g	B1.1. A biblioteca como espazo de acceso á información.	B1.1. Utilizar a biblioteca como espazo de acceso á información presencial ou virtual.	INEINB1.1.1. Utiliza a biblioteca do seu centro para cubrir necesidades de lectura e de información	Usa a biblioteca de xeito autónomo	CCL CD CAA CSIEE CCEC	Comprensión lectora	Listas de observación	5
			INEINB1.1.2. Utiliza a biblioteca do centro na procura de recursos informativos para os seus traballos individuais e grupais	Usa a biblioteca de xeito autónomo explotando todos os seus recursos informativos	CCL CD CAA	Comprensión lectora	Listas de observación	5
e g n	B1.3. Recursos informativos: fontes orais, recursos físicos e virtuais	B1.3. Identificar os recursos informativos dispoñibles segundo tipoloxía, soportes e formatos.	INEINB1.3.1. Diferencia os documentos informativos en función do seu contido	Coñece a CDU e a identifica na organización da biblioteca	CD CAA CSIEE		Probas escritas, observación	2
			INEINB1.3.2. Acode ás fontes orais de referencia no seu contorno máis próximo para determinadas necesidades informativas	Realiza enquisas e entrevistas para recadar informacións	CCL CAA	Valores	Listas de observación	2
			INEINB1.3.3. Accede de forma autónoma a contidos audiovisuais, presenciais ou virtuais	Extrae informacións de materiais audiovisuais	CSIEE CAA	Comunicación audiovisual	Listas de control	2
b e h	B1.4. Estratexias de procura eficaz	B1.4. Adaptar as estratexias de procura ás características dos recursos dixitais	INEINB1.4.1. Distingue as ideas principais das secundarias nos documentos consultados.	Subliña as ideas fundamentais dun texto	CCL CAA	Comprensión lectora	Control de tarefas	5
			INEINB1.4.2. Recupera de forma eficaz contido informativo dos recursos dixitais	Selecciona a información relevante nun	CCL CAA CD	TIC, comprensión lectora	Control de tarefas	5



				texto dixital				
no	B1.5. Dereitos de autoría	B1.5. Recoñecer os dereitos de autoría.	INEINB1.5.1. Identifica e respecta a autoría de textos ou imaxes.	Cita as fontes e cumpre coa lexislación no que atinxe á autoría.	CSC CAA	Educación cívica	Control de tarefas	2
Bloque 2. Fontes informativas. Localización e selección								
b e f	B2.1. Recursos físicos. Sistemas estandarizados de organización da biblioteca	B2.1. Coñecer a organización da biblioteca e a CDU como sistema estandarizado	INEINB2.1.1. Identifica os códigos da CDU polos que están organizados os fondos	Coñece a CDU e os códigos numéricos e de cores	CCL CAA		Probas obxectivas	5
			INEINB2.1.2. Recupera facilmente os documentos que precisa	É quen de atopar un documento na biblioteca	CAA CSIEE	Observación	5	
e h g	B2.2. Procuras no catálogo informatizado da biblioteca escola	B2.2. Comprender e saber utilizar o catálogo informatizado da súa biblioteca.	INEINB2.2.1. Realiza procuras no catálogo por autor/a, título ou materia	Emprega a OPAC da biblioteca escolar	CAA CD CSIEE	TIC	Observación	5
			INEINB2.2.2. Localiza documentos, en función das súas necesidades informativas, no catálogo web da biblioteca.	Emprega a OPAC da biblioteca escolar	CAA CD CSIEE	TIC	Observación	5
b g h	B2.5. Necesidade dun plan de procura de información. Palabras clave e outras estratexias de procura. Motores de procura	B2.5. Planificar as procuras informativas e empregar con eficacia palabras clave para a obtención de información e uso de motores de procura diversificados	INEINB2.5.3. Identifica produtos informativos diferentes en función das súas necesidades e dos seus obxectivos de traballo	Fai procuras selectivas en función dos tipos de documentos	CD CAA	TIC	Probas obxectivas, observación	5
e g h	B2.10. Valoración da información recollida na rede	B2.10. Avaliar de forma crítica a información recollida e contrastar información en distintas fontes	NEINB2.10.2. Contrasta a información recollida na rede con outras fontes orais ou impresas	Contrasta informacións recollidas en distintos medios	CCL CD CAA	Valores	Listas de control, observación	5
Bloque 4. Procura e tratamento da información								
b	B4.1. Necesidades informativas,	B4.1. Identificar o tipo de	INEINB4.1.2. Localiza os recursos	Emprega diversas	CCL	Pensamento	Análise de	5



e g	fontes de información e procesos de procura, valoración e selección de información.	información que se precisa, localizar as fontes informativas dispoñibles, realizar consultas informativas seguindo un plan deseñado previamente e empregar o recurso informativo máis apropiado ao tipo de información que se precisa.	dispoñibles e acordes á súa necesidade informativa.	fontes e documentos nas súas procuras	CD CAA	crítico	tarefas, observación	
h	B4.2. Análise e comprensión da información atopada.	B4.2. Ler de forma comprensiva textos informativos de diferente tipoloxía (continuos, discontinuos, e procedentes dos medios de comunicación e dos medios audiovisuais).	INEINB4.2.1. Comprende e analiza textos continuos e discontinuos, e sabe extraer as ideas principais.	Sintetiza documentos	CCL CD CAA	Comprensión lectora	Análise de tarefas, observación	5
b e h	B4.3. Interpretación e valoración da información atopada.	B4.3. Valorar a información atopada en función de determinados criterios: pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.	INEINB4.3.1. Selecciona a información tras valorala seguindo uns determinados criterios (pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.	Selecciona a información en función do seu valor para o traballo	CCL CD CAA	Pensamento crítico	Análise de tarefas, observación	5
a b e o	B4.5. Citas e referencias.	B4.5. Recoller as fontes consultadas para os efectos de citas correctamente no produto final.	INEINB4.5.1. Compila as fontes consultadas e citaas correctamente.	Cita correctamente as distintas fontes	CCL CD CAA CSC CCEC	Valores	Análise de tarefas, observación	5
Bloque 5. Xeración de contidos e comunicación								
b e g	B5.1. Organización e reelaboración da información.	B5.1. Organizar a información recuperada de distintas fontes, xerarquizándoa e plasmándoa en esquemas, mapas conceptuais, guións, etc.	INEINB5.1.1. Realiza esquemas, mapas conceptuais, guións, etc., para organizar a información recuperada.	É quen de facer mapas conceptuais e esquemas	CCL CD CAA	Expresión escrita	Análise de tarefas	5
b e h	B5.2. Estruturación da información recollida mediante gráficos, diagramas, etc.	B5.2. Elaborar diagramas, gráficos, cadros de dobre entrada, organigramas, etc., coa información recuperada.	INEINB5.2.1. Representa mediante gráficos, diagramas, cadros de dobre entrada, organigramas, etc., parte da información recuperada.	É quen de facer mapas conceptuais e esquemas	CCL CD CAA	Expresión escrita	Análise de tarefas	3
b e g	B5.4. Presentación dos produtos informativos propios. Pautas para a presentación de traballos escritos.	B5.4. Coñecer e aplicar as pautas formais para a elaboración de traballos escritos (paxinación,	INEINB5.4.2. Elabora textos propios mediante un procesador de textos.	Emprega procesadores de texto usando as	CCL CD	TIC	Observación, tarefas	3



h		índice, bibliografía, etc.), utilizando procesadores de texto de forma autónoma.		súas potencialidades				
b e g	B5.7. Tratamento e edición de produtos dixitais (presentacións, vídeos, etc.).	B5.7. Incorporar imaxes aos traballos escritos ou ás presentacións cun tratamento adecuado.	INEINB5.7.1. Incorpora imaxes aos seus traballos de investigación.	Insire imaxes ilustrativas nos seus traballos de investigación	CD CCEC	TIC	Análise de tarefas	3
g h	B5.8. Características dos textos dixitais eficaces.	B5.8. Identificar e valorar as pautas para a produción de textos dixitais eficaces (lonxitude dos textos escritos, presentacións eficaces, etc.)	INEINB5.8.1. Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.	Respecta as normas de presentación establecidas	CCL CD	TIC	Análise de tarefas	3
b e g	B5.10. Avaliación e aplicación das aprendizaxes realizadas a través dos traballos de investigación á vida persoal, académica e social.	B5.10. Avaliar o proceso de elaboración do traballo feito, e tomar consciencia das aprendizaxes realizadas, e aplicar os coñecementos adquiridos á súa vida persoal, académica ou social.	INEINB5.10.2. Identifica e valora as aprendizaxes realizadas.	Expresa as aprendizaxes realizadas	CAA CSIEE	Expresión oral	Observación	3
			INEINB5.10.4. Incorpora as aprendizaxes realizadas a novos procedementos de traballo e de relación no medio escolar e social	Incorpora os métodos traballados a outras tarefas	CAA CSIEE		Observación	3

Alfabetización informacional 6º primaria

2ª Avaliación

Obx	Contidos	Criterios Av.	Estándares	Grao Consecución	CC	Elementos Transversais	Instrumentos Avaliación	Criterios cualificación (%)
Bloque 2. Fontes informativas. Localización e selección								
b e h	B2.4. Recursos dixitais. Internet como fonte de información	B2.4. Acceder á rede e coñecer os recursos dispoñibles a través da internet.	INEINB2.4.1. Usa internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información	Manexa os motores de procuras de internet	CD CAA CSIEE	TIC	Observación	5
			INEINB2.4.2. Utiliza internet valorando as características deste medio en relación a aspectos como a	Valora obxectivamente as fontes dixitais	CD	TIC, Educación cívica	Probas obxectivas, observación	5



			permanencia, a fiabilidade, a veracidade, a organización, a selección, a gratuidade, a dispoñibilidade, a autoría, etc					
b g h	B2.5. Necesidade dun plan de procura de información. Palabras clave e outras estratexias de procura. Motores de procura	B2.5. Planificar as procuras informativas e empregar con eficacia palabras clave para a obtención de información e uso de motores de procura diversificados	INEINB2.5.1. Establece un sistema de procura eficaz de información	Emprega algoritmos nas procuras	CD CAA CSIEE	TIC	Probas obxectivas, observación	5
			INEINB2.5.2. Utiliza palabras clave e aplica estratexias eficaces de procura para localizar información na web	Emprega algoritmos nas procuras	CD CAA CSIEE	TIC	Probas obxectivas, observación	5
			INEINB2.5.4. Emprega prensa e revistas dixitais como fonte informativa.	Fai procuras selectivas en función dos tipos de documentos	CD CAA	TIC	Lista de control, control de tarefas	2
e g h	B2.6. Espazos web e redes sociais como plataformas de comunicación e información	B2.6. Coñecer as redes sociais, os espazos web creados na aula, na biblioteca e no centro, e participar neles	INEINB2.6.1. Intervén nas redes sociais creadas no seu centro respectando as finalidades para as cales foron creadas: educativa, participativa, etc.	Participa nos blogues do centro	CD CSC CSIEE	TIC, Educación cívica	Observación	3
e g	B2.7. Beneficios e riscos da rede. Dereito de privacidade	B2.7. Valorar os beneficios e os riscos da rede	NEINB2.7.1. Navega pola internet con seguridade preservando a súa identidade e a súa privacidade	Coñece as normas de seguridade na navegación pola rede	CD CSC CSIEE	TIC, Educación cívica	Observación, probas obxectivas	3
e g h	B2.8. Fiabilidade dos espazos web	B2.8. Coñecer e usar os criterios para identificar os espazos web fiables	INEINB2.8.1. Distingue webs fiables en función de determinados criterios: autoría, data de actualización, tipo de dominio, finalidades, publicidade, contacto, etc	Valora obxectivamente as fontes dixitais	CCL CD CAA	TIC, Educación cívica	Observación, listas de control	5
b e g	B2.9. Internet e as creacións colectivas: Galipedia, Wikipedia, etc	B2.9. Valorar as creacións colectivas na internet: Wikipedia, Galipedia, etc	NEINB2.9.1. Emprega as creacións colectivas na internet: Wikipedia, Galipedia, etc	Valora obxectivamente as fontes dixitais	CD CSC	TIC, Educación cívica	Observación	5
e g h	B2.10. Valoración da información recollida na rede	B2.10. Avaliar de forma crítica a información recollida e contrastar información en distintas fontes	NEINB2.10.1. Compara a información recollida en distintas fontes informativas na rede	Valora obxectivamente as fontes dixitais	CCL CD CAA	TIC, educación cívica	Listas de control	5



Bloque 3. Organizarse para investigar								
b e g	B3.2. Planificación dun proxecto de investigación.	B3.2. Planificar o proceso de procura e recuperación da información.	INEINB3.2.1. Elabora un esquema do traballo que se vaia realizar	Define as liñas básicas do seu traballo en función dos obxectivos	CCL CAA		Probas obxectivas, observación	5
a b g	B3.3. Traballo en grupo.	B3.3. Organizar o traballo a nivel individual ou grupal, e responsabilizarse das tarefas adxudicadas.	INEINB3.3.1. escoita os integrantes do grupo, garda a quenda de palabra, argumenta as súas opinións e respecta as opinións das outras persoas.	Consensúa un plan de traballo	CCL CAA CSC	Traballo cooperativo	Observación	5
Bloque 4. Procura e tratamento da información								
b e g	B4.1. Necesidades informativas, fontes de información e procesos de procura, valoración e selección de información.	B4.1. Identificar o tipo de información que se precisa, localizar as fontes informativas dispoñibles, realizar consultas informativas seguindo un plan deseñado previamente e empregar o recurso informativo máis apropiado ao tipo de información que se precisa.	INEINB4.1.1. Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos.	Emprega diversas fontes e documentos nas súas procuras	CCL CD CAA	Pensamento crítico	Análise de tarefas, observación	5
			IINB4.1.3. Concreta o proceso de procura de información.	Emprega diversas fontes e documentos nas súas procuras	CCL CD CAA	Pensamento crítico	Análise de tarefas, observación	5
h	B4.2. Análise e comprensión da información atopada.	B4.2. Ler de forma comprensiva textos informativos de diferente tipoloxía (continuos, discontinuos, e procedentes dos medios de comunicación e dos medios audiovisuais).	INEINB4.2.1. Comprende e analiza textos continuos e discontinuos, e sabe extraer as ideas principais.	Sintetiza documentos	CCL CD CAA	Comprensión lectora	Análise de tarefas, observación	5
b e h	B4.4. Proceso da información: extracción e síntese.	B4.4. Extraer a información precisa, en función dos obxectivos do traballo, de forma sintetizada.	INEINB4.4.1. Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo	Selecciona a información en función do seu valor para o traballo	CCL CD CAA	Pensamento crítico	Análise de tarefas, observación	5
Bloque 5. Xeración de contidos e comunicación								
b e	B5.2. Estruturación da información recollida mediante gráficos,	B5.2. Elaborar diagramas, gráficos, cadros de dobre entrada,	INEINB5.2.1. Representa mediante gráficos, diagramas, cadros de dobre	É quen de facer mapas	CCL CD	Expresión escrita	Análise de tarefas	5



h	diagramas, etc.	organigramas, etc., coa información recuperada.	entrada, organigramas, etc., parte da información recuperada.	conceptuais e esquemas	CAA			
b e g	B5.3. Reelaboración e personalización da información.	B5.3. Estructurar mediante un guiión textos propios, expositivos, descriptivos e explicativos, a partir da información reunida.	INEINB5.3.1. Elabora guiíons para estruturar os textos creados a partir da información reunida.	Desenvolve un guiión para expoñer o seu traballo	CCL CD CAA	Expresión escrita	Análise de tarefas	5
b e g h	B5.4. Presentación dos produtos informativos propios. Pautas para a presentación de traballos escritos.	B5.4. Coñecer e aplicar as pautas formais para a elaboración de traballos escritos (paxinación, índice, bibliografía, etc.), utilizando procesadores de texto de forma autónoma.	INEINB5.4.2. Elabora textos propios mediante un procesador de textos.	Emprega procesadores de texto usando as súas potencialidades	CCL CD	TIC	Observación, tarefas	5
b e g	B5.7. Tratamento e edición de produtos dixitais (presentacións, vídeos, etc.).	B5.7. Incorporar imaxes aos traballos escritos ou ás presentacións cun tratamento adecuado.	INEINB5.7.1. Incorpora imaxes aos seus traballos de investigación.	Insire imaxes ilustrativas nos seus traballos de investigación	CD CCEC	TIC	Análise de tarefas	3
g h	B5.8. Características dos textos dixitais eficaces.	B5.8. Identificar e valorar as pautas para a produción de textos dixitais eficaces (lonxitude dos textos escritos, presentacións eficaces, etc.)	INEINB5.8.1. Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.	Respecta as normas de presentación establecidas	CCL CD	TIC	Análise de tarefas	3
b e g	B5.10. Avaliación e aplicación das aprendizaxes realizadas a través dos traballos de investigación á vida persoal, académica e social.	B5.10. Avaliar o proceso de elaboración do traballo feito, e tomar consciencia das aprendizaxes realizadas, e aplicar os coñecementos adquiridos á súa vida persoal, académica ou social.	INEINB5.10.2. Identifica e valora as aprendizaxes realizadas.	Expresa as aprendizaxes realizadas	CAA CSIEE	Expresión oral	Observación	3
			INEINB5.10.4. Incorpora as aprendizaxes realizadas a novos procedementos de traballo e de relación no medio escolar e social	Incorpora os métodos traballados a outras tarefas	CAA CSIEE		Observación	3

Alfabetización informacional 6º primaria

3ª Avaliación



Obx	Contidos	Crterios Av.	Estándares	Grao Consecución	CC	Elementos Transversais	Instrumentos Avaliación	Crterios cualificación (%)
Bloque 2. Fontes informativas. Localización e selección								
b g h	B2.5. Necesidade dun plan de procura de información. Palabras clave e outras estratexias de procura. Motores de procura	B2.5. Planificar as procuras informativas e empregar con eficacia palabras clave para a obtención de información e uso de motores de procura diversificados	INEINB2.5.4. Emprega prensa e revistas dixitais como fonte informativa.	Fai procuras selectivas en función dos tipos de documentos	CD CAA	TIC	Lista de control, control de tarefas	5
e g h	B2.8. Fiabilidade dos espazos web	B2.8. Coñecer e usar os criterios para identificar os espazos web fiables	INEINB2.8.1. Distingue webs fiables en función de determinados criterios: autoría, data de actualización, tipo de dominio, finalidades, publicidade, contacto, etc	Valora obxectivamente as fontes dixitais	CCL CD CAA	TIC, Educación cívica	Observación, listas de control	5
b e g	B2.9. Internet e as creacións colectivas: Galipedia, Wikipedia, etc	B2.9. Valorar as creacións colectivas na internet: Wikipedia, Galipedia, etc	NEINB2.9.1. Emprega as creacións colectivas na internet: Wikipedia, Galipedia, etc	Valora obxectivamente as fontes dixitais	CD CSC	TIC, Educación cívica	Observación	5
e g h	B2.10. Valoración da información recollida na rede	B2.10. Avaliar de forma crítica a información recollida e contrastar información en distintas fontes	NEINB2.10.1. Compara a información recollida en distintas fontes informativas na rede	Valora obxectivamente as fontes dixitais	CCL CD CAA	TIC, educación cívica	Listas de control	3
Bloque 3. Organizarse para investigar								
b e	3.1. Procesos de investigación.	B3.1. Recoñecer os pasos para seguir nun proceso de investigación.	NEINB3.1.1. Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases.	Define as liñas básicas do seu traballo en función dos obxectivos	CAA CSIEE		Probas obxectivas, observación	4
a b g	B3.3. Traballo en grupo.	B3.3. Organizar o traballo a nivel individual ou grupal, e responsabilizarse das tarefas adxudicadas.	INEINB3.3.2. Contribúe á distribución de tarefas e responsabilízase das que lle corresponden.	Cumpre coas funcións que se lle encomendan	CAA CSC	Valores	Observación	2
b g	B3.4. Preparación da procura informativa.	B3.4. Identificar o tema para investigar e os aspectos clave.	NEINB3.4.1. Formula preguntas sobre o tema sobre o que se vaia investigar.	Manifesta as súas dúbidas sobre o tema coa intención de centralo	CCL CAA	Traballo cooperativo	Observación	2



b e	B3.5. Recuperación dos coñecementos previos e definición de obxectivos de procura.	B.3.5. Recuperar os coñecementos previos sobre o tema e definir os aspectos sobre os que precisa informarse.	INEINB3.5.1. Concreta os conceptos clave que van guiar o traballo de procura de información	Marca as liñas prioritarias do traballo de investigación.	CCL CAA		Probas obxectivas, observación	2
Bloque 4. Procura e tratamento da información								
b e g	B4.1. Necesidades informativas, fontes de información e procesos de procura, valoración e selección de información.	B4.1. Identificar o tipo de información que se precisa, localizar as fontes informativas dispoñibles, realizar consultas informativas seguindo un plan deseñado previamente e empregar o recurso informativo máis apropiado ao tipo de información que se precisa.	INEINB4.1.1. Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos.	Emprega diversas fontes e documentos nas súas procuras	CCL CD CAA	Pensamento crítico	Análise de tarefas, observación	5
			NEINB4.1.4. Escolle os recursos informativos que precisa de forma eficaz.	Emprega diversas fontes e documentos nas súas procuras	CCL CD CAA	Pensamento crítico	Análise de tarefas, observación	3
h	B4.2. Análise e comprensión da información atopada.	B4.2. Ler de forma comprensiva textos informativos de diferente tipoloxía (continuos, descontinuos, e procedentes dos medios de comunicación e dos medios audiovisuais).	INEINB4.2.1. Comprende e analiza textos continuos e descontinuos, e sabe extraer as ideas principais.	Sintetiza documentos	CCL CD CAA	Comprensión lectora	Análise de tarefas, observación	5
			INEINB4.2.2. Deduce información implícita ou explícita dos contidos audiovisuais e dos textos dos medios de comunicación	Extrae informacións dos distintos medios consultados	CCL CD CAA	Comprensión lectora	Análise de tarefas, observación	3
b e h	B4.4. Proceso da información: extracción e síntese.	B4.4. Extraer a información precisa, en función dos obxectivos do traballo, de forma sintetizada.	INEINB4.4.1. Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo	Selecciona a información en función do seu valor para o traballo	CCL CD CAA	Pensamento crítico	Análise de tarefas, observación	3
Bloque 5. Xeración de contidos e comunicación								
b e h	B5.2. Estruturação da información recollida mediante gráficos, diagramas, etc.	B5.2. Elaborar diagramas, gráficos, cadros de dobre entrada, organigramas, etc., coa información recuperada.	INEINB5.2.1. Representa mediante gráficos, diagramas, cadros de dobre entrada, organigramas, etc., parte da información recuperada.	É quen de facer mapas conceptuais e esquemas	CCL CD CAA	Expresión escrita	Análise de tarefas	3
b e g h	B5.4. Presentación dos produtos informativos propios. Pautas para a presentación de traballos escritos.	B5.4. Coñecer e aplicar as pautas formais para a elaboración de traballos escritos (paxinación, índice, bibliografía, etc.), utilizando	INEINB5.4.1. Presenta os seus traballos segundo unhas pautas consensuadas: paxinación, índice, bibliografía, etc.	Elabora traballos seguindo modelos establecidos	CCL CD CAA	Expresión escrita	Análise de tarefas	5



		procesadores de texto de forma autónoma.	INEINB5.4.2. Elabora textos propios mediante un procesador de textos.	Emprega procesadores de texto usando as súas potencialidades	CCL CD	TIC	Observación, tarefas	5
b e g h	B5.5. Elaboración de materiais de apoio ás presentacións orais.	B5.5. Coñecer e aplicar as pautas formais para a elaboración de materiais de apoio ás presentacións orais.	INEINB5.5.1. Elabora material de apoio para as súas presentacións orais.	Elabora presentacións de diapositivas	CCL CD	TIC	Observación, tarefas	3
			INEINB5.5.2. Realiza sinxelas presentacións para amosar o resultado dos seus traballos de investigación.	Elabora presentacións de diapositivas, Kamishibais...	CCL CD CAA	TIC	Observación, tarefas	3
a h n	B5.6. Citas e referencias nos traballos informativos (artigos, monografías, presentacións, produtos audiovisuais, etc.).	B5.6. Coñecer e empregar correctamente unhas pautas polas que se rexe a forma de citar diferentes fontes.	INEINB5.6.1. Cita con corrección os libros consultados.	Cita seguindo as normas internacionais	CAA CD CSC CCEC	Educación cívica	Análise de tarefas	3
			INEINB5.6.2. Segue unha pauta para facer a referencia de artigos de revistas, música, películas, páxinas da internet, autoría de imaxes, etc.	Cita seguindo as normas internacionais	CCL CD CAA CSC	Educación cívica	Análise de tarefas	3
b e g	B5.7. Tratamento e edición de produtos dixitais (presentacións, vídeos, etc.).	B5.7. Incorporar imaxes aos traballos escritos ou ás presentacións cun tratamento adecuado.	INEINB5.7.1. Incorpora imaxes aos seus traballos de investigación.	Insire imaxes ilustrativas nos seus traballos de investigación	CD CCEC	TIC	Análise de tarefas	3
g h	B5.8. Características dos textos dixitais eficaces.	B5.8. Identificar e valorar as pautas para a produción de textos dixitais eficaces (lonxitude dos textos escritos, presentacións eficaces, etc.)	INEINB5.8.1. Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.	Respecta as normas de presentación establecidas	CCL CD	TIC	Análise de tarefas	3
g h	5.9. Exposicións orais dos traballos realizados. Escoita atenta e respecto polo traballo das demais persoas.	B5.9. Expor de forma ordenada e a partir dun guión previo o traballo realizado, argumentando as opinións propias de xeito razoable e con respecto polas pautas da comunicación grupal (escoita atenta, respecto pola opinión das outras persoas, quendas de palabra, etc.).	INEINB5.9.1. Participa na presentación oral dos traballos elaborados.	Expón oralmente con apoio de material proxectado	CCL CSIEE	Expresión oral	Lista de control	3
			INEINB5.9.2. Defende con argumentos as opinións propias e respecta o traballo alleo.	Participa en debates	CCL CSC CSIEE	Expresión oral	Observación	3
			INEINB5.9.3. Escoita con atención as	É respectuoso co	CCL	Educación en	Observación,	3



			presentacións dos compañeiros e das compañeiras, e valora con argumentos o seu traballo.	traballo dos demais e achega visións críticas	CSC	valores	lista de control	
b e g	B5.10. Avaliación e aplicación das aprendizaxes realizadas a través dos traballos de investigación á vida persoal, académica e social.	B5.10. Avaliar o proceso de elaboración do traballo feito, e tomar consciencia das aprendizaxes realizadas, e aplicar os coñecementos adquiridos á súa vida persoal, académica ou social.	INEINB5.10.1. Avalía, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación, individual ou grupal.	Fai auto-avaliación do proceso de investigación	CAA CSIEE	Pensamento crítico	Observación, lista de control	3
			INEINB5.10.2. Identifica e valora as aprendizaxes realizadas.	Expresa as aprendizaxes realizadas	CAA CSIEE	Expresión oral	Observación	3
			INEINB5.10.3. Valora con criterio e respecto o traballo das outras persoas.	Fai achegas críticas para a mellora dos traballos dos compañeiros	CAA CSC	Valores	Observación	3
			INEINB5.10.4. Incorpora as aprendizaxes realizadas a novos procedementos de traballo e de relación no medio escolar e social	Incorpora os métodos traballados a outras tarefas	CAA CSIEE		Observación	3

Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave. Materiais e recursos didácticos.

A metodoloxía que se vai empregar procurará unha aprendizaxe significativa, dándolle ao labor didáctico un enfoque globalizador, e na medida das posibilidades lúdico e motivador. Poñeremos especial atención nun trato individualizado, respectando as peculiaridades de cada neno, atendendo aos seus ritmos de aprendizaxe e aos seus intereses persoais.

Promoveremos un enfoque interdisciplinar das materias e unha aprendizaxe activa, na que o alumno sexa quen de construír a súa propia aprendizaxe, que se desenvolverá nun ambiente que promoverá o traballo cooperativo, fomentando a aprendizaxe entre iguais.

O desenvolvemento de proxectos en torno as materias de estudo serán promovidos como elementos enriquecedores e altamente motivadores e por ser o xeito de afianzar as competencias clave.

Se tentará que as tarefas que se desenvolvan vaian orientadas á resolución de problemas da vida real.



Na medida das posibilidades se empregarán recursos da rede e as achegas que as TIC fan ao mundo escolar, conscientes de que ese será o mundo no que se moverán os nosos alumnos. Daquela tentaremos desenvolver un espírito crítico con respecto delas, explotando as súas posibilidades pero facendo un uso axeitado e seguro das mesmas.

Atenderemos aos distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado, e promoveremos unha educación inclusiva.

A lectura e a súa promoción terá un tratamento específico dentro da aula.

Procedemento para a avaliación inicial.

Como primeiro paso se analizarán as actas finais do curso anterior do grupo de alumnos e os informes individualizados dos mesmos.

A comezo do curso se realizarán probas no marco da primeira quincena de clases, durante o mes de setembro, para avaliar o estado dos coñecementos do alumnado e marcarnos o punto de partida do noso traballo. Estas probas se farán tendo en conta os estándares do curso anterior.

Os instrumentos de avaliación serán fundamentalmente listaxes de control e listas de verificación, e a análise da actividade desenvolvida na aula.

Recollidos os datos da avaliación inicial se determinarán aqueles estándares que requiran dun tratamento máis intenso de cara a garantir un aproveitamento axeitado do curso.

Procedemento de avaliación continua.

Como se desprende dos instrumentos de avaliación que se mostran na programación do curso, a avaliación que se vai desenvolver é fundamentalmente a observación das realizacións do alumnado no desenvolvemento normal da clase, ao través da análise das súas producións, do seu caderno de clase...

Tamén se empregarán rúbricas, listas de observación e de verificación para valorar a actividade que desenvolva nas propostas de traballo que se fagan na aula.

Durante o curso se realizarán 3 avaliacións correspondentes aos tres trimestres do ano académico, nas que se valorará a adquisición das competencias clave e o nivel de logro. Nas sesións de avaliación se tomarán medidas para o reforzo educativo daqueles alumnos/as que non acaden un desempeño axeitado.

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Empregaremos ao remate do proceso a seguinte táboa para valorar o proceso de ensino e a práctica docente:



	1	2	3	4
Deseño distintas actividades de aprendizaxe para o logro de cada un dos obxectivos				
Motivo aos meus alumnos comunicándolles os obxectivos que quero acadar e a finalidade das actividades, partindo dos seus coñecementos previos.				
Relaciono os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade e creando expectativas				
Emprego metodoloxías que favorezan o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumno e que teña en conta os seus intereses				
Propoño actividades que favorecen a aprendizaxe autónoma				
Cando comezamos unha actividade nova os alumnos coñecen os obxectivos e competencias que se queren desenvolver, as diferentes actividades a realizar e como se lles vai avaliar.				
As actividades que propoño están relacionadas con situacións da vida real				
En función das características de cada alumno suscito tarefas e logros diferentes				
Propoño metodoloxías diversas				

Tamén valoraremos aspectos organizativos sobre o emprego de materiais e distribución do grupo clase

Como organizo o grupo clase (expresado en porcentaxe de tempo)		%
	Traballo individual	
	Parellas	
	Pequeno grupo	
	Gran grupo	
Emprego recursos e materiais variados para a aprendizaxe		
Dou pautas de actuación ás familias para que traballen na casa consonte a metodoloxía seguida na clase.		



Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.

Valoraremos a adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación á realidade do alumnado.

Comprobaremos se as avaliacións das materias inclúen o grao de desenvolvemento das competencias básicas, se a metodoloxía empregada é coherente cos obxectivos previstos, se se aplicaron as medidas de atención á diversidade de forma axeitada, e se as aprendizaxes do alumnado con relación ao previsto están axustadas.

Comprobaremos se o grao de desenvolvemento das programacións docentes foi suficiente e se a coordinación entre o profesorado se considera que cumpre as expectativas iniciais.

Con todos estes datos poderemos avaliar globalmente todo o proceso

Para valorarmos a nosa propia programación e acometer as reformas necesarias co fin de melloralas, usaremos como ferramenta esta lista de valoración:

Aspectos da revisión, avaliación e modificación da programación	1	2	3	4
Organizáronse os estándares en relación ás distintas unidades de programación.				
Definíronse axeitadamente os indicadores de logro dos estándares.				
Determináronse os estándares imprescindibles				
Están correctamente asociados estándares, instrumentos de avaliación e indicadores de logro.				
Deseñouse a avaliación inicial e definiuse que facer cos seus resultados				
Medidas de atención á diversidade: Tívoise en conta medidas xerais de intervención educativa				
Medidas de atención á diversidade: Contempláronse medidas para alumnado con neae				
Medidas de atención á diversidade: Fixéronse ACs no caso de estar autorizada				
Medidas de atención á diversidade: Atendeuse axeitadamente ao alumnado con sobredotación				



Definíronse programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación vinculados aos estándares				
Avaliouse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación.				
Hai estratexias de promoción da lectura e da escritura				
Hai estratexias para inserir as TIC no proceso de ensino				
Aplícase a metodoloxía didáctica acordada.				
As tarefas están vinculadas a situacións reais, significativas e motivadoras para o alumnado				
Cada instrumento de avaliación se relaciona cos estándares de aprendizaxe.				
Hai procedementos e instrumentos de avaliación variados				
Os estándares imprescindibles están identificados				
Hai información de abonda ás familias e ao alumnado de estándares imprescindibles, criterios de cualificación				
Análise dos resultados das avaliacións individualizadas				
Coordinación entre o equipo didáctico				
Coordinación do profesorado a nivel vertical: outros cursos e etapas				
Tratamento preciso dos temas transversais				
Actividades extraescolares e complementarias				